

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 25/09/2019 16:51:02
SAIDA 10429/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED], en representación [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 110/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada con data do 7 de agosto de 2019, por [REDACTED] en representación [REDACTED], contra a Resolución do 24 de xullo de 2019, da Alcaldía do Concello da Coruña, pola que se inadmite a solicitude de información relacionada co Partido Socialista de Galicia da Coruña; e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación [REDACTED] presentou na Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, un escrito de reclamación contra a Resolución do 24 de xullo de 2019, da Alcaldía do Concello da Coruña, pola que se inadmite a súa solicitude de información relacionada co Partido Socialista de Galicia da Coruña. A dita Secretaría Xeral, en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, remitiu a reclamación ao Valedor do Pobo, documentación que tivo entrada no Rexistro da Institución con data do 7 de agosto de 2019.

Segundo. Con data do 27 de agosto de 2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo un oficio da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia pola que remite formulario PA de desistencia e renuncia, ao que se acompaña escrito de [REDACTED], [REDACTED], no que solicita a renuncia ao expediente RSCTG 110/19.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

Debe partirse da base de que en materia de Transparencia, a normativa establece por unha banda, unha serie de obrigas aos suxeitos incluídos dentro do seu ámbito de aplicación en materia de publicidade activa, e por outra, a obriga de dar resposta ás solicitudes de acceso á información que presenten os cidadáns, que é o que podería denominarse publicidade pasiva.

Os suxeitos incluídos no artigo 3, parágrafos 1 e 2 da Lei 1/2016 (entre os que se atopan os partidos políticos), están obrigados á publicidade activa prevista no artigo 6 e seguintes da Lei 1/2016, e o artigo 5 da Lei 19/2013, que consiste en publicaren por propia iniciativa e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e doadamente accesible toda aquela información relevante relativa ao seu funcionamento, como medio para fomentar o exercicio por parte da cidadanía do seu dereito fundamental á participación e ao control sobre os asuntos públicos.

Pola súa banda o dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa, neste caso unha asociación, a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no artigo 3.1 da Lei 1/2016 (entre os que non se atopan os partidos políticos) e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

No presente caso, o interesado solicitou a unha Administración municipal, o Concello da Coruña, información referente a un partido político, solicitude que foi inadmitida por resolución da alcaldía do Concello.

Quinto. desistencia do interesado.

Con data do 27 de agosto de 2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia co que se remite escrito de desistencia do interesado da súa reclamación.

De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non este prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

De acordo co anterior, e non constando a existencia de terceiros interesados, procede aceptar a desistencia á reclamación presentada e declarar concluído o procedemento.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Arquivar a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] contra a Resolución do 24 de xullo de 2019, da Alcaldía do Concello da Coruña, por desistencia do interesado.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia